

## Actividades Reforma Protestante 3º ESO

Nome:

Apelidos:

Grupo:

Data:

TODOS OS EXERCICIOS DEBEN SER REALIZADOS A MAN. NON ADMITO EXERCICIOS FEITOS A ORDENADOR A PARTIRES DE AGORA, VISTO O NÚMERO DE COPIA E PEGAS REXISTRADO.

1. Escolle entre unha destas dúas opcións:

a) Mira en Netflix a película “Las hermanas Bolena” e responde ás seguintes preguntas:

-Quen son os actores e actrices principais?

-Que rei era o rei de Inglaterra?

-De quen era a culpa se no matrimonio real non se tiñan fillos varóns?

-Como conseguían as mulleres nobles daquela época escalar dentro da súa clase social?

-Cal era a misión de Ana Bolena?

-En quen se fixa o rei? É libre María para decidir?

-En que país se exilia Ana Bolena?

-A quen desafía Henrique VIII divorciándose?

-Como termina Ana Bolena?

b) Mira en Youtube a película “Martín Lutero”, (2003) con Joseph Fiennes, e responde ás preguntas:

-En que país se desenvolve a historia?

-Con que situación se atopa Lutero cando chega a Roma?

-Que lle pasa ao rapaz que está traballando na obra e que fai Lutero con el?

-Onde colga Lutero as súas teses?

## Actividades Reforma Protestante 3º ESO

-Que acontece xusto despois?

-Que famosa reliquia temos aquí en Galicia visitada por peregrinos de todo o mundo?

-Como financiaba a Igrexa católica a construción de grandes templos?

-Cal foi o prezo a pagar por Lutero por criticar á Igrexa de Roma?

-En que derivou o anterior?